

## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: <u>LU00502:5</u>
SITUACIÓN: <u>RUA DO POSTE, 20 B- B1 - BOVEDA</u>

Por resolución da xefatura territorial da antiga consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Lugo de data 22 de marzo de 2012 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU00502:5, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición, no prazo de 15 días, dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento.

O 21 de decembro de 2016 dona MARIA CARREIRA VAZQUEZ (nº de credencial 73628) presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designada adquirente, o xefe territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda en Lugo

### **ACORDA:**

Declarar directamente adquirente a dona MARIA CARREIRA VAZQUEZ (nº credencial 73628)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Lugo, 19 de febreiro de 2016.

O xefe territorial da consellería de infraestruturas e Vivenda

Carlos Vila Pérez